



Ocio e cultura

As competencias en materia de promoción e difusión da cultura e protección do patrimonio cultural corresponden á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Dentro da Consellería, a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego.

A análise da situación da cultura en Galicia, no presente capítulo, realízase a través do estudo de magnitudes transversais e de dominios culturais, entendendo por magnitudes transversais as operacións estatísticas que afectan a diferentes sectores culturais, e por dominios culturais ou magnitudes sectoriais, aqueles que representan un conxunto común de actividades económicas e sociais que tradicionalmente son consideradas de natureza cultural, tales coma os bens culturais, libros e publicacións periódicas ou artes musicais, entre outras. A consideración de factores fundamentais no eido cultural como os relacionados co ensino ou o uso das tecnoloxías nos fogares analízanse

no capítulo da educación e o dedicado ás actividades de I+D.

A distribución funcional do orzamento de gastos da Administración Xeral amosa que, dentro da produción de bens públicos de carácter social, o presuposto dedicado a cultura (función 43) ascende en 2015 a 57,9 millóns de euros, un 5,4% menos que o ano anterior.

Indicadores transversais

Tal como se sinala anteriormente, as magnitudes transversais fan referencia a todos aqueles indicadores que afectan a diferentes sectores ou actividades culturais: emprego, sector empresarial, financiamento e gasto público en cultura, gasto e consumo cultural nos fogares, propiedade intelectual e turismo cultural.

• Emprego cultural

Os datos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte reflicten que o número de persoas

Emprego cultural nas CC.AA. 2008-15 ⁽¹⁾

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
	(miles)							
Andalucía	65,4	68,4	52,8	49,4	45,8	49,0	58,2	54,7
Aragón	13,1	14,2	13,5	13,6	9,6	9,2	12,4	15,0
Asturias	9,2	9,7	8,5	7,2	8,4	7,6	7,9	8,5
Baleares	13,9	13,2	12,3	9,8	10,0	13,2	13,2	14,7
Canarias	21,2	16,6	16,9	15,6	14,2	12,9	15,0	19,3
Castela - A Mancha	13,8	15,3	14,9	13,1	12,0	13,7	14,8	14,6
Castela e León	21,0	22,2	24,9	19,6	17,7	17,2	17,7	18,1
Cataluña	126,1	117,7	126,1	126,1	105,1	117,0	122,0	108,3
Comunidade Valenciana	55,6	48,8	46,7	42,0	43,4	42,0	41,9	47,1
Galicia	26,6	33,2	30,6	24,2	21,4	24,3	27,6	26,6
Madrid	137,9	119,1	97,3	116,7	132,7	125,5	127,9	135,4
Murcia	11,2	10,4	10,5	6,7	9,4	9,7	9,3	9,0
Navarra	9,2	7,3	8,1	9,9	7,6	6,7	7,8	7,8
País Vasco	25,2	25,9	25,5	29,1	28,1	22,8	22,7	23,7
Cantabria, Extremadura, A Rioxa, Ceuta e Melilla	14,1	15,0	14,7	15,8	13,6	14,5	13,4	12,3
Total	562,0	537,0	503,7	481,7	478,8	485,3	511,8	515,1

(1) ocupados de máis de 16 anos que desenvolven ocupacións culturais, considerando éstas como aquelas actividades profesionais cunha dimensión cultural como por exemplo escritores, artistas, arquivistas, bibliotecarios, actividades de edición, cinematográficas, de vídeo, radio, tv, actividades artísticas e de espectáculos e outras, con independencia da actividade principal do empregador

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Empleo cultural*

● 4.5.1.

ocupadas en actividades cunha dimensión cultural en Galicia no ano 2015 sitúase en 26.600 ocupados, o que representa o 5,2% do emprego cultural no conxunto do Estado. En termos absolutos, **cadro 4.5.1.**, Galicia sería a quinta Comunidade con maior número de persoas empregadas en actividades culturais, tras Madrid, Cataluña, Andalucía e a Comunidade Valenciana.

En comparación co ano anterior, a ocupación neste sector cae en Galicia un 3,6% (1.000 persoas menos), fronte ao incremento do 0,6% no conxunto do Estado. A evolución do emprego cultural nas diferentes CCAA no ano 2015 foi desigual, así reducións de case 14.000 empregos en Cataluña, contrapóñense a incrementos de 7.500 empregos na Comunidade de Madrid ou de 5.200 empregos na Comunidade Valenciana.

● Empresas culturais

Defínense como empresas culturais aquelas cuxa principal actividade económica atópase relacionada co ámbito da cultura, activida-

des vinculadas a bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais, actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión así como as artísticas e de espectáculos, entre outras. No ano 2014 en Galicia, rexistráronse 5.747 empresas culturais, 78 menos que no ano anterior, o que supón o 5,3% das empresas culturais españolas.

Un ano máis Galicia é a sexta Comunidade con maior número de empresas. No que respecta ás actividades da industria e servizos, que abranguen o 71,5% das empresas culturais en Galicia, cómpre mencionar as *actividades de "diseño, creación artística e de espectáculos"*, que con 1.504 empresas, representan o 26,2% das empresas culturais en Galicia, así como as actividades de *"artes gráficas e reprodución de soportes gravados"*, que supoñen con 713 empresas, o 12,4% das empresas culturais galegas.

● Financiamento e gasto público en cultura

Por gasto público en cultura enténdese o

Empresas culturais nas CC.AA. 2013-14: distribución segundo actividade económica principal

	2013		2014	
	Galicia	España	Galicia	España
Total empresas	5.825	108.556	5.747	107.922
En determinadas actividades da industria e dos servizos	4.102	82.833	4.111	83.257
Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras	198	4.546	213	4.980
Edición de libros, xornais e outras activ. edit.	369	8.326	351	8.152
Cinematografía, video, radio, tv, e outras activ. de edic. musical	378	9.123	354	8.952
Axencias de novas	1	118	1	109
Actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos	1.473	27.482	1.504	27.880
Fotografía	550	9.041	572	9.443
Actividades de tradución e interpretación	334	7.778	315	7.695
Artes gráficas e reprod. de soportes grabados	719	14.805	713	14.331
Fabricac. de soportes, aparatos de imaxe e son e instr. musicais	20	306	25	312
Educación cultural	60	1.308	63	1.403
En determinadas actividades do comercio e aluguer	1.723	25.723	1.636	24.665

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.2.

Gasto público liquidado en cultura en Galicia e España 2012-13

		2012		2013	
		Galicia	España	Galicia	España
Total	(en miles de euros)	97.184	1.273.763	67.655	1.071.063
Gasto / gasto liquidado total	(%)	1,01	0,70	0,69	0,62
Gasto / PIB		0,18	0,12	0,12	0,10
Gasto / habitante	(en euros)	35,10	27,20	24,50	22,90
Actividades					
Bens e servizos culturais		20.805	430.757	31.584	397.815
Artes plásticas, escénicas e musicais		-	304.994	-	229.685
Libro e audiovisual	(en miles de euros)	13.887	86.341	-	48.445
Interdisciplinar e non distribuído		62.492	451.671	36.071	395.119

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de financiación y gasto público en cultura*

4.5.3.

gasto consolidado liquidado destinado a cultura, na súa fase de obrigas recoñecidas, polo que a natureza do financiador e non a do receptor é a que determina o carácter público ou privado do gasto. O gasto que se presenta está consolidado, eliminando deste xeito a dobre contabilización.

O gasto liquidado en cultura realizado pola Administración autonómica galega ascendeu no ano 2013, último dispoñible, a 67,6 millóns de euros, o que indica unha redución do 30,4% en relación ao ano anterior (29,5 millóns de euros menos), reducíndose o seu peso no PIB ao 0,12% e ao 0,69% do gasto orzamentario liquidado total. Como reflicte o **cadro 4.5.3.**, esta caída ven explicada

pola eliminación do gasto liquidado en cultura nas actividades de "Libro e audiovisual", e pola redución en máis do 40% no gasto das actividades incluídas dentro do apartado "interdisciplinar e non distribuído"; en concreto redúcese en case 15 millóns de euros o gasto liquidado en promoción, difusión e cooperación cultural, así como se reduce á metade o gasto en política lingüística, que pasa de 8,1 millóns de euros no ano 2012 a 4,4 millóns no 2013.

Na mesma liña do acontecido no conxunto do Estado, Galicia presenta unha redución do seu gasto por habitante, que se sitúa en 24,5 euros (35,1 euros no ano anterior), unha redución do 30% moi superior á redución

Consumo cultural nos fogares en Galicia e España 2013-14

	2013		2014	
	Galicia	España	Galicia	España
Total	603,0	12.261,7	548,6	11.963,3
libros e publicacións periódicas	117,3	1.941,0	99,4	1.659,3
servizos culturais	177,1	4.117,8	150,6	4.215,4
equipos e accesorios audiovisuais, fotográficos e cinematográficos	68,9	1.309,1	64,4	1.154,7
equipos e accesorios de tratamento de información e Internet	198,7	4.071,6	191,2	4.144,7
outros bens e servizos	41,0	822,2	43,0	789,2
gasto / habitante	220,80	265,70	201,90	260,10
gasto / fogar	563,30	673,30	509,60	653,60

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.4.

media no conxunto do Estado que se sitúa no 11%. A pesar da maior redución porcentual en Galicia que no Estado, o gasto medio segue sendo 1,6 euros superior en Galicia.

● Gasto e consumo cultural nos fogares

O gasto cultural nos fogares galegos continuou a súa contracción no ano 2014, último dato dispoñible (**cadro 4.5.4.**), acadando un total de 548,6 millóns de euros, un 9% inferior ao realizado no ano anterior. O principal destino deste gasto é a compra de equipos e accesorios de tratamento de información e internet e o consumo de servizos culturais, co 34,9% e o 27,5% do gasto total, respectivamente, seguido polo gasto en libros e publicacións periódicas, que representan o 18%.

En termos relativos, o gasto medio por fogar en cultura situouse no ano 2014 en 509,6 euros, 144 euros menos que a media estatal. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, este importe sitúa a Galicia como a segunda CC.AA. con menor gasto por fogar, tan só por diante de Estremadura (485 euros). En termos per cápita, o gasto medio situouse en 201,9 euros por persoa (260,1 de media en España), situándose como a cuarta Comunidade Autónoma con menor gasto, tras Estremadura (193,6 euros), Murcia (194 euros) e Castela-A Mancha (199 euros), ademais de Ceuta e Melilla (162,80 euros).

● Propiedade intelectual

A información dispoñible sobre os dereitos de propiedade intelectual deriva das Entidades de Xestión así como da explotación estatística do Rexistro xeral da propiedade intelectual.

Defínese como propiedade intelectual o conxunto de dereitos que corresponden aos autores e outros titulares respecto ás obras e prestacións froito da súa creación. No ano 2014 novamente se reduce o número de primeiras inscricións de dereitos de propiedade industrial realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual, sendo este descenso notablemente superior ao do conxunto do Estado. No último ano realizáronse un total de 1.221 inscricións, 363 menos que no ano anterior, diminuindo o seu peso relativo no total estatal ata o 4,7%. O 76% do total das inscricións corresponderon a obras literarias e científicas, seguidas das obras musicais, cinematográficas e audiovisuais, co 14,6% (**cadro 4.5.5.**).

● Turismo cultural

No ano 2014 observamos unha melloría nos datos do turismo cultural en Galicia. Así, aumenta en torno ao 20% o número de viaxes realizados que tiveron por motivo principal a cultura, así como aumenta tamén o gasto total nun 21,2%.

Dereitos de propiedade intelectual 2008-14 ⁽¹⁾

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Obras literarias e científicas							
Galicia	1.298	1.283	1.254	1.313	1.207	1.157	931
España	23.328	24.186	20.230	24.540	24.039	20.919	19.235
Obras musicais, cinematográficas e audiovisuais							
Galicia	313	300	284	300	255	294	178
España	6.412	6.307	6.266	6.335	5.611	5.483	4.403
Obras artísticas e técnicas							
Galicia	132	117	114	113	106	90	79
España	2.711	2.965	2.296	2.915	2.178	2.055	1.786
Outras							
Galicia	49	56	106	57	85	43	33
España	743	854	838	1.141	854	846	755
Total							
Galicia	1.792	1.756	1.758	1.783	1.653	1.584	1.221
España	33.194	34.312	29.630	34.931	32.682	29.303	26.179

(1) primeiras inscricións realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual; o dato total de España recolle a suma das inscricións no rexistro central e nos rexistros territoriais

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Propiedad intelectual*

4.5.5.

Viaxes por motivos culturais 2013-14: distribución segundo destino

		2013		2014	
		Galicia	España	Galicia	España
Residentes en España					
Viaxes	(en miles)	350,7	9.919,7	388,1	12.080,8
viaxes/poboación		0,13	0,21	0,14	0,26
viaxes/viaxes de ocio, recreo e vacacións	(%)	10,1	12,3	14,2	14,7
viaxes/total viaxes		4,7	6,4	5,9	8,0
Gasto	(en millóns de euros)	122,2	4.242,5	131,1	5.131,4
gasto medio/viaxe		348,0	428,0	338,0	425,0
gasto medio/habitante	(en euros)	44,2	90,8	47,7	110,3
viaxes/viaxes de ocio, recreo e vacacións	(%)	19,6	25,7	24,1	30,9
viaxes/total viaxes		11,3	15,1	12,9	18,5
Residentes no estranxeiro					
Viaxes	(en miles)	439,9	32.692,4	562,5	36.403,9
viaxes/viaxes de ocio, recreo e vacacións	(%)	89,2	62,2	91,7	64,7
viaxes/total viaxes		50,5	53,9	53,6	56,0
Gasto	(en millóns de euros)	572,8	35.138,6	711,5	39.111,3
gasto medio/turista	(en euros)	1.302,0	1.075,0	1.265,0	1.074,0
viaxes/viaxes de ocio, recreo e vacacións	(%)	118,0	68,7	120,9	72,0
viaxes/total viaxes		76,5	59,2	79,5	62,0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.6.

Realizáronse no dito ano 2014, último dispoñible, un total de 950.600 viaxes culturais, o 2% do total estatal. No caso das viaxes realizadas por residentes españois, só o 5,9% teñen un motivo cultural, fronte ao 53,6% das realizadas por turistas internacionais con destino a Galicia.

O número de turistas residentes en España que visitaron Galicia por motivos culturais

situouse en 388.100, un 10,7% superior ao rexistrado no ano precedente, aumentando un 27,9% no caso dos turistas internacionais. Un ano máis, no ano 2014, os turistas estranxeiros que chegan a Galicia por motivos culturais (562.500 persoas) supera ao número de turistas residentes en España.

O gasto medio por viaxe realizado por estes turistas culturais sería de 886,5

Viaxes por motivos culturais de residentes en España 2013-14: distribución segundo a súa orixe

		2013		2014	
		Galicia	España	Galicia	España
Viaxes	(en miles)	315,2	9.919,7	428,2	12.080,8
viaxes/poboación		11,4	21,2	15,6	26,0
viaxes/viaxes de ocio, recreo e vacacións	(%)	10,7	12,3	17,5	14,7
viaxes/total viaxes		4,8	6,4	7,1	8,0
Gasto	(en millóns de euros)	150,0	4.242,5	146,1	5.131,4
gasto medio/viaxe		476,0	428,0	341,0	425,0
gasto medio/habitante	(en euros)	54,0	91,0	53,0	110,0
viaxes/viaxes de ocio, recreo e vacacións	(%)	27,0	25,7	27,1	30,9
viaxes/total viaxes		15,7	15,1	14,9	18,5

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.7.

euros, en torno a 26 euros menos que a media estatal. No caso dos residentes españois, o gasto medio sitúase en 338 euros, un 2,9% inferior ao do ano anterior, e máis dun 20% inferior a media do Estado, e de 1.265 euros no caso dos turistas internacionais, un 17,8% superior ao gasto medio en España.

No caso dos turistas galegos residentes en España, **cadro 4.5.7.**, realizaron viaxes por motivos culturais un total de 428.200 persoas, 113.000 máis que no ano anterior segundo os datos recollidos polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte no seu anuario de estatística de 2015, o que representa o 17,5% das viaxes de ocio, recreo e vacacións e o 7,1% das viaxes totais (14,7% e 8%, respectivamente, no conxunto do Estado).

O gasto dos galegos descendeu un 2,6% en relación ao ano anterior situándose en 146.100 euros, fronte ao incremento a nivel estatal de case o 21%. O gasto total dos galegos en viaxes por motivos culturais, representa o 27% do gasto en viaxes de ocio, recreo e vacacións, e case o 15% do gasto total en viaxes (30,9% e 18,5%, respectivamente, en España).

Dominios culturais

Neste apartado analízanse os bens de interese cultural, a actividade da edición de li-

bro e publicacións periódicas, as artes escénicas e musicais e, finalmente, os medios audiovisuais e interactivos, como magnitudes sectoriais concretas dos dominios culturais.

• Bens de interese cultural

Forman parte do patrimonio cultural de Galicia todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Os máis sobranceiros deles son recoñecidos como Bens de Interese Cultural (BIC), que se clasifican en bens mobles ou bens inmobles.

Os bens mobles poderán selo de forma individual ou ben como colección, e a súa declaración atenderá ás seguintes clases: monumento, conxunto e sitio histórico, xardín histórico e zona arqueolóxica. No ano 2014 continúa a tendencia á alza na inscrición de bens inmobles cualificados como BIC en Galicia, que se sitúa en 766 (o 4,5% do total estatal) fronte aos 760 do ano anterior. Atendendo á desagregación segundo tipo de ben, cómpre mencionar os sitios históricos, que representan o 16% dos sitios históricos españois. O único tipo de ben inmovle cultural que creceu en número no ano 2014 foron os monumentos con seis máis que no ano anterior.

Bens mobles e inmoables inscritos como Bens de Interese Cultural (BIC) en Galicia e España 2013-14

	2013		2014	
	Galicia	España	Galicia	España
Bens Interese Cultural (BIC)	1.263	31.555	4.553	36.427
Bens inmoables	760	16.795	766	17.107
Monumento	622	13.160	628	13.405
Xardín Histórico	6	91	6	91
Conxunto histórico	50	955	50	966
Sitio histórico	68	391	68	427
Zona arqueolóxica	14	2.198	14	2.218
Bens mobles	503	14.760	3.787	19.320

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.8.

Museos e coleccións museográficas en Galicia e España 2014

	Museos e coleccións museográficas (1)		Visitantes (2)			
	número	museos / 100.000 habs.	totais	visitantes / museo	visitantes estranxeiros / museo (3)	% visitantes en grupo
Galicia	82	3,0	1.459.120	18.470	2.227	84,8
España	1.552	3,3	58.418.342	39.795	7.383	69,5

(1) museos e coleccións no censo

(2) Os datos de visitantes son sobre os museos que cumprimentaron á estatística

(3) datos referidos aos museos que informaron sobre o número de visitantes estranxeiros

Fonte: *Ministerio de Educación, Cultura y Deporte*

4.5.9.

No ano 2014 prodúcese un forte incremento dos bens mobles, debido ao aumento dos bens incoados en Galicia correspondentes na súa maior parte á categoría "Pintura e Debuxo".

O número de bens mobles inscritos en Galicia no ano 2014 ascendeu a 3.787, o que representa o 19,6% do total estatal. Deste total 128 corresponden a BIC declarados e 3.659 a BIC incoados.

• Museos e coleccións museográficas

Entendendo por museos institucións de carácter permanente que exhiben coleccións de natureza cultural, e entendendo por colección museográfica un conxunto de bens culturais, no ano 2014, tal como se mostra no **cadro 4.5.9.**, Galicia conta con 82 mu-

seos censados, dos 1.552 existentes en España.

Analizando o número de museos, en Galicia en 2014 rexístranse 3 museos por cada 100.000 habitantes, fronte aos 3,3 de media no Estado. Galicia é a oitava Comunidade Autónoma con maior número de museos por habitante, lonxe de Castela-A Mancha ou Castela e León, que con 9,3 e 7,9 museos por cada 100.000 habitantes, respectivamente, están no primeiro e segundo posto de todas as Comunidades Autónomas.

O número de visitantes aos museos galegos no ano 2014 ascendeu a 1.459.120 persoas, o que supón 18.470 visitantes por museo, dos que 2.227 son estranxeiros. Por outra banda, case o 85% dos visitantes a museos

Bibliotecas en Galicia e España 2014: distribución segundo volume de fondos

	Total	ata 2.000 vols.	de 2.001 a 5.000 vols.	de 5001 a 10.000 vols.	de 10.001 a 20.000 vols.	de 20.001 a 50.000 vols.	de 50.001 a 100.000 vols.	máis de 100.000 vols.
Galicia	497	76	80	114	116	75	19	17
España	6717	641	1196	1575	1522	1114	336	333

Fonte: INE

● **4.5.10.**

Tirada e difusión da prensa diaria 2014-15 ⁽¹⁾

Medio	2014		2015	
	Promedio tirada	Promedio difusión	Promedio tirada	Promedio difusión
Atlántico Diario	4.129	3.105	3.850	2.904
Diario de Pontevedra	6.657	5.715	6.123	5.194
Faro de Vigo	36.576	31.016	34.711	29.650
La Opinión A Coruña	6.392	4.590	5.946	4.348
El Progreso Lugo	15.348	13.228	15.125	12.747
La Voz de Galicia	90.224	78.414	83.095	72.949

(1) cabeceiras controladas pola OJD entre xullo 2014 e xuño 2015
Fonte: Oficina de Justificación de la Difusión

● **4.5.11.**

en Galicia realizan as visitas en grupo, fronte ao 70% de media no Estado.

En termos globais no ano 2014, un 35,9% da poboación galega realizou unha visita a un museo, exposición ou galería de arte como se desprende da *"Encuesta de hábitos y prácticas culturales en España"*.

En concreto no que respecta ao hábito de asistencia a museos, salienta que no ano 2014, o 44,4% dos galegos sinalaron non visitar nunca ou case nunca un museo, fronte ao 28% de media de España.

O motivo principal polo que non se vai aos museos, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, é a falla de tempo (27,8% e 27,2% respectivamente), seguido pola falla de interese (23,4% e 19,1%) e a escaseza de oferta na zona da persoa entrevistada; este motivo en Galicia acada un 21,4% fronte ao 16,6% no Estado.

● **Bibliotecas**

Galicia no ano 2014 conta con 497 bibliotecas (666 puntos de servizo), das que 294 son de titularidade pública.

O 46% do total de bibliotecas galegas teñen entre 5000 e 20.000 volumes (**cadro 4.5.10.**). Máis da metade das bibliotecas en Galicia teñen menos de 10.000 volumes e só o 7% ten máis de 50.000 volumes, fronte ao 10% de media no Estado.

As bibliotecas con máis de 100.000 volumes en Galicia son 17, o que supón o 3,4% do total, fronte ao 5% e media estatal. Dentro destas bibliotecas destacan as seis bibliotecas nodais existentes en Galicia, localizadas nas grandes cidades, agás Ferrol.

As bibliotecas galegas acadaron en 2014 un total de 1.023.183 usuarios inscritos, o que supón o 4,7% do total de usuarios inscritos no Estado.

Artes escénicas e musicais en Galicia e España 2009-14

	2009		2012		2013		2014	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Obras musicais								
Editores	1	78	8	81	5	76	3	70
Obras inscritas (1)	1	1.114	24	2.191	10	1.199	12	1.393
en galego	1		8		6		3	
Espazos escénicos								
Número	89	1.518	90	1.605	86	1.490	87	1.546
Espazos/100.000 habitantes	3,2	3,3	3,2	3,4	3,1	3,2	3,2	3,3
Salas concertos								
Salas	26	481	27	508	27	515	30	541
Salas/100.000 habitantes	0,9	1,0	1,0	1,1	1,0	1,1	1,1	1,2
Compañías								
Teatro	267	3.722	221	3.261	213	3.227	231	3.617
Danza	75	803	83	889	85	913	86	937
Festivais								
Teatro	62	899	49	634	46	656	52	654
Danza	nd	nd	15	306	15	308	18	319

(1) Inscritas en el ISMN

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

● 4.5.12.

A asistencia a arquivos e bibliotecas ten un escaso interese para a poboación en xeral, acadando en Galicia 2,2 puntos (2,7 no conxunto do Estado), nun baremo de 0 a 10.

No ano 2014 asistiron ás bibliotecas un 22,7% da poboación española, porcentaxe que se reduce ata o 18,6% no caso da poboación galega. A falla de interese é o motivo aducido polo 39,6% dos entrevistados para non acudir ás bibliotecas

● Libro e publicacións periódicas

En 2014, por primeira vez dende o ano 2010, aumenta o número de libros inscritos no International Standar Book Number (ISBN) en Galicia. En 2014 Galicia editou 2.877 libros, 383 máis que en 2013, o que supón un aumento do 15,4%; Galicia ocupa o sexto lugar no conxunto do Estado en número de libros inscritos no ISBN.

Respecto á prensa escrita, os datos da *Oficina de Justificación de la Difusión* (OJD) amosan que os principais xornais galegos con cabeceiras controladas pola OJD continúan reducindo a súa tirada media en relación ao período anterior. Entre xullo de 2014

e xuño de 2015, a tirada media está en torno aos 24.808 exemplares (26.554 no mesmo período do ano anterior), cun promedio de difusión de 21.299 exemplares (22.678 no período anterior). O diario con maior tirada en Galicia no citado período é La Voz de Galicia, que acada de promedio 83.095 exemplares diarios e a súa difusión chega ata os 72.949 exemplares. O segundo diario galego en importancia é o Faro de Vigo, cunha tirada de 34.711 exemplares e unha difusión de 29.650 exemplares (**cadro 4.5.11.**).

● Artes escénicas e musicais

Os **cadros 4.5.12.** e **4.5.13.** mostran a evolución no período 2009-2014 dos principais indicadores das artes escénicas e musicais en Galicia e España. Con carácter xeral, os datos recollidos no devandito **cadro 4.5.12.** indican unha melloría case xeneralizada nos indicadores en relación ao ano anterior, así, incrementáanse o número de obras inscritas no International Standar Music Number (ISMN), o número de espazos escénicos, de salas de concertos, e de compañías e festivais tanto de teatro coma de danza.

Espectadores e recadación nas artes escénicas en Galicia e España 2013-14

		2013		2014	
		Galicia	España	Galicia	España
Representacións		7.272	169.927	6.687	159.969
obras teatrais		1.495	48.610	1.522	47.660
xénero lírico		22	1.233	23	1.162
danza		77	2.354	68	2.158
concertos música clásica		1.172	14.522	1.136	14.400
concertos música popular		4.506	103.208	3.938	94.589
Espectadores		1.655	38.725	1.588	38.450
obras teatrais		355	11.161	366	12.077
xénero lírico	(en miles)	13	738	15	701
danza		35	954	30	910
concertos música clásica		238	4.538	236	4.400
concertos música popular		1.014	21.334	941	20.362
Recadación		8.862	353.030	10.307	366.105
obras teatrais		2.364	168.655	3.464	181.267
xénero lírico	(en miles de euros)	119	22.874	128	21.581
danza		205	9.243	173	8.673
concertos música clásica		683	37.480	764	36.028
concertos música popular		5.491	114.778	5.778	118.556
Gasto medio espectador					
obras teatrais		6,7	15,1	9,5	15,0
xénero lírico	(euros)	9,0	31,0	8,5	30,8
danza		5,9	9,7	5,8	9,5
concertos música clásica		2,9	8,3	3,2	8,2
concertos música popular		5,4	5,4	6,1	5,8

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.13.

A pesar da dita melloría, o número de espazos escénicos e de salas de concertos por cada 100.000 habitantes en Galicia, no ano 2014, é de 3,2 e 1,1 respectivamente, rateo levemente inferior á media estatal que é de 3,3 e 1,2 por cada 100.000 habitantes.

O número de representacións, así como o de espectadores e a recadación obtida polas artes escénicas redúcese con carácter xeral nas distintas disciplinas recollidas no **cadro 4.5.13.**

O número de representacións e de espectadores nas artes escénicas en Galicia no ano 2014 diminúe en relación ao ano anterior. En concreto só as obras teatrais incrementan o seu número de representacións, de espectadores e a súa recadación en relación aos datos obtidos en 2013.

O peso das representacións e espectadores galegos sobre o total estatal sitúase en torno ao 4% no 2014, mentres que a recadación destas actividades en Galicia só supón o 2,8% do total estatal.


Así mesmo, o gasto medio por espectador en Galicia está moi por baixo da media española, especialmente no caso do xénero lírico, con 8,5 euros (30,8 euros en España), ou nas obras teatrais, con 9,5 euros, fronte a 15 euros de media en España.

• Medios audiovisuais e interactivos: cine, TV, radio

O Observatorio da Cultura Galega, no seu informe "*O cine en Galicia en 2014*", sinala a recuperación de indicadores do sector en relación ao ano 2013, ano este no que o sector obtivo os peores resultados da última década.

Tal como se observa no **gráfico 4.5.14.**, Galicia no ano 2014 gañou 600.000 espectadores de cine, o que supón un incremento dun 20% en relación ao ano anterior. Con todo, os datos de asistencia media por habitante, aínda que melloran, distan de ser positivos, xa que Galicia con 1,3 asistencias por habitante e ano, está seis décimas por debaixo da media estatal, de xeito que os


Espectadores no cine en Galicia e España 2005-14 (1): distribución segundo nacionalidade do film



(1) en millóns de persoas
 Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5.14.

Cines e salas de exhibición en Galicia e España 2005-14



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*


4.5.15.

galegos son os que menos van ao cine, só por diante de Castela-A Mancha, Extremadura e Ceuta e Melilla.

Dos ditos 600.000 espectadores que recuperou o cine en Galicia, 500.000 corresponden a longametraxes españolas e 100.000 ás estranxeiras.

Tal como se observa no **gráfico 4.5.16.**, os cines galegos aumentaron a súa recadación respecto a 2013, en 1,5 millóns de euros, acadando os 21,3 millóns de euros. Galicia é a sexta Comunidade en volume de recadación tras Madrid, Cataluña, Andalucía, Valencia e País Vasco. Son as longametraxes nacionais as que incrementan a recadación

Recadación dos cines 2005-14: distribución segundo nacionalidade do film



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5.16.

Ranking de emisoras de radio xeralista no EGM 2014-15 ⁽¹⁾

	2014		2015	
	oíntes / día (en miles)	share (%)	oíntes / día (en miles)	share (%)
Ser	4.447	35,7	4.419	35,4
Onda Cero	2.369	19,0	2.137	16,4
COPE	1.891	13,6	2.029	15,1
RNE	1.249	8,9	1.273	9,3
Rac 1	700	5,8	745	6,3
Catalunya Radio	571	3,4	595	3,7
Canal Sur Radio	348	2,4	327	2,5
EsRadio	312	2,4	337	2,8
Radio Euskadi	172	1,1	158	1,3
Radio Galega	144	1,0	138	1,0
Euskadi Irratia	85	0,6	90	0,7

(1) febreiro-novembro

Fonte: AIMC, *Estudio general de medios*

4.5.17.

compensando a caída das de orixe foráneo.

Fronte a evolución positiva en espectadores e recadación, no ano 2014 en Galicia perdéronse 3 cines e 14 salas de exhibición; unha tendencia común a case a totalidade de Comunidades Autónomas.

O gasto medio da entrada redúcese 0,7 céntimos en Galicia no ano 2014 en relación ao ano anterior, situándose en 5,9 euros, na media do Estado, sendo Galicia a terceira

Comunidade con maior prezo medio da entrada de cine. No que respecta ao gasto medio por habitante, Galicia con 7,7 euros, 3,4 menos que a media do Estado, é a cuarta Comunidade con menor gasto medio.

Finalmente salienta o feito de que máis da metade da poboación galega, o 55,6%, non vai nunca ao cine, segundo a enquisa de hábitos e prácticas culturais en España 2014-2015, sendo o motivo principal o feito de consideralo caro.

En relación á televisión e á radio, no ranking de emisoras de radio xeralista do *Estudio General de Medios* (EGM), a Radio Galega sitúase no décimo posto, con 138.000 oíntes por día (6.000 menos que no mesmo período do ano anterior), o que significa un *share* do 1% (**cadro 4.5.17.**).

No que respecta ás cadeas de televisión, ao igual que no ano anterior a TVG sitúase no noveno posto da clasificación do EGM, aumentando a cota de *share* do 0,7% ao 1%. 

